

LITERATURA E COMPROMISO

A noite, veludo/ que ás veces espirra de súpeto,/ un farrapo quente/ de fíos que se desfán/ entre a néboa escura./ A noite, que me lembra/ un enorme burato de carbón./ A noite,/ papel secante,/ que todo o chucha para ela./ Á noite, o estraño e o fermoso/ dentro da alma./ Á noite, un medo de elefantes brancos/ que brillan na escuridade./ Á noite./ Sempre hai alguén que sae/ a roubar sentimentos./ A noite, invisible,/ coa súa canción de dolor./ A noite,/ o animal máis silandeiro/ que levo dentro.

Con este fermoso poema comeza o libro *O brillo dos elefantes*, de Fran Alonso (Xerais, 1999) que nos serve como punto de arranque desta reflexión que nos levará a cabalo entre a Literatura e o Compromiso.

O primeiro compromiso dun autor debe ser coa súa obra. O texto, calquera que sexa o xénero escollido: poema, relato, ensaio, peza teatral ou aínda se somos quen de fuxir ou superar o debate formal das fronteiras entre xéneros debe ter unha coherencia interna que nos suxire, se non impón, recursos estilísticos de toda caste; aquí: a sintaxe doada, sen complicacións, axeitada ao narrador (un neno), o léxico igualmente lixeiro, a trama sinxela mais ao tempo terriblemente dura e real (a mesma vida nun pobo pobre e en guerra).

Debe inserirse así mesmo no conxunto da obra do autor que por moi heterodoxa e heteroxenea que fose deita un pouso agredoce que inequivocamente identificamos no discurso. Ben é certo que a busca desa voz peculiar, dese timbre que apunte claramente á autoría é un dos aspectos máis interesantes do traballo da escrita, e non só. Tamén do punto de vista da evolución persoal. Construímos a personaxe que somos e facemos cada día. Sermos fideis ao que dicimos ser. Pensar. Pensarmos. Pensármonos. Actuar.

Ter a consciencia de que malia nós o texto, unha vez xa publicado e aínda escrito, váisenos un pouco, deixa de ser noso para formar parte do corpus do sistema literario galego e que aí actúa e interactúa con todos e cada un dos outros textos do sistema e coa propia materia. Somos, por tanto, inexcusabelmente lingua, pertencenos e á vez paradoxicamente nós pertencémoslle. A lingua é por tanto o segundo compromiso, (sen ánimo de priorizar). Sermos conscientes do contributo, da herdanza que recibimos e coa que amasamos sentimentos, amosamos pensamentos, superamos eivas, espantamos medos, celebramos xestos, rituais, amamos. Amar en galego. Vivir. Vivirmos en galego.

Somos xente deste tempo e deste mundo. A realidade convulsa que nos toca vivir non pode pasarnos desapercibida, nin podemos fuxir da responsabilidade de erguer a voz por todas e cada unha das mortes que enchen de sangue as páxinas dos diarios, e tantas que aínda non teñen cabida nos medios oficiais da propaganda.

Por cada *infant* de Beirut, un piano triste de Lluís Llach. Por cada neno morto de fame, guerra ou barbarie erguerei unha voz pequeniña que diga, por exemplo, basta. Por cada inxustiza, por cada exterminio, por cada represión, por cada matanza, por cada holocausto escribirei un verso liberador. Por cada selva arrasada, por cada especie aniquilada, por cada extinción, un poema tremendo, unha palabra feridora que nos abra o peito e nos trascenda.

Somos. É a nosa responsabilidade como xente, como poetas, pensarmos un outro mundo posíbel. Forzar as condicións de construírmos un mundo xusto, igualitario, libre, en paz. Porque nós somos palabra en acción. O compromiso como animais humanos debe trascender a metáfora.

Quixera aínda salientar un outro aspecto do compromiso: o do cotián, o das cousas pequenas, o do día a día. Un neno aprendendo a ler, unha muller a facer tortillas todo o día.

Ás oito da mañá comezo a facer tortillas./Fágoas todo o día,/ con e sen cebola,/ soas ou acompañadas de leitugas e tomate,/ ás veces con chourizo, moito en bocadillo,/ sobre todo ás dez ou ás once,/ tortillas dos andamios para os obreiros/ que berran e traen as mans sucias./ Cómenas con cervexa,/ os días grises, sentados trala barra.

Fican, sen dúbida, outros aspectos do compromiso a analizar. Con todo, este texto pretende ser só unha achega a aqueles que máis e mellor me emocionan á hora do traballo da escrita e tamén un agradecemento a Fran Alonso pola súa fermosa obra e polo seu compromiso. Ninguén como Fran no brillo dos elefantes para achegarnos o medo á noite e a súa superación.

Paco Souto